

# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

## ACTA Nº 2021/1 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- TELEMÁTICA, XOVES 4 DE FEBREIRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 19:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, María-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez

Ausencias: Ningunha

Secretaria – Interventora: Paula Díaz Tie


Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día :

**1. Aprobación se procede, da acta do pleno reunido o día 28 de decembro de 2020 .** Os membros do pleno asistentes aprobaron a acta por unanimidade dos asistentes .

**2.- Proposta de aprobación do POS 2021.** Coñecida a proposta da Alcaldía seguinte : Atendendo o disposto nas Bases publicadas no BOP 01/12/2020 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, e tendo en conta as necesidades de investimento municipais , esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : 1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

### B ) Financiamento de gastos correntes:


	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	110.100,43
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>110.100,43</b>

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora da capa de rodaxe da Pista Casaldegonce a Limite Concello	41.066,42	0,00	41.066,42
Mellora da capa de rodaxe da Pista de Piñeiro a Penadobico	41.136,24	0,00	41.136,24
Camiño Vilela e outros	41.123,88	0,00	41.123,88
Mellora do firme da pista Campo da Igrexa - Calmourel e outro	46.574,46	0,00	46.574,46
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>169,901.00</b>	<b>0.00 €</b>	<b>169,901.00</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

### D) Redución de débeda con entidades financeiras:



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
	0,00
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	0,00

### E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2020	0,00		0,00
	Achega 2021	0,00		0,00
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2021	110.100,43		110.100,43
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00		0,00
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2021	0,00	0,00	0,00
	Achega 2020	169.901,00	0,00	169.901,00
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2021	0,00		0,00
<b>TOTAL</b>	Achega 2021	110.100,43	0,00	110.100,43
	Achega 2020	169.901,00	0,00	169.901,00
	Préstamo 2021	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>280.001,43</b>		<b>280001,43</b>



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Pavimentación na Feira (A Barqueira) e outro	153.107,91
<b>TOTAIS</b>	<b>153.107,91</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.


5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.” **Os membros do Pleno, en votación nominal , e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

**O concelleiro Alberto Rey Paz** ,manifesta que lle parece exaxerado a cantidade destinada para pavimentación da Feira



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001


O **alcalde**, explica que o proxecto de pavimentación da Feira , comprende todo o núcleo de O Porto , dende a cooperativa ata O tropezón , tamén contempla a realización de beirarrúas xunto o adro da Igresia e no Tropezón así como a canalización de augas nesta zona , xa que apoza moito cando chove . O POS , tamén inclúe unha cantidade de 110,000,00 euros para gastos xerais e tamén a realización de obras de pavimentación en Casaldegonce , Painceira , Vilela, Casanova , Agreste a Carreiro da Bola etc así como a pavimentación da Feira que se inclúe no POS complementario que se realizará no caso de que nos outros proxectos existan baixas de contratación .

**4.- Proposta de aprobación do POS 2021 SOCIAL .** Coñecida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Atendendo as bases da convocatoria do “POS+ ADICIONAL 1/2021” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte acordo :

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2021”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	66,727,54€
---	------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2021</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)</b>
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.  (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	0,00	0,00	0,00
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	0,00	0,00	0,00
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	20.000,00	0,00	20,000,00




# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.  (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS)  Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	197.147,50	126,643,20	70,504,30
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	0,00	0,00	0,00
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	2000,00	0,00	2000,00
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	0,00	0,00	0,00
<b>T O T A L</b>	<b>219.147,50</b>	<b>126.643,20</b>	<b>92.504,30</b>



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**Os membros do Pleno , por unanimidade dos asistentes aprobaron a proposta anterior .**

**O alcalde** explica que este é o primeiro ano que se aproba o POS SOCIAL , correspondendo ao Concello de Cerdido unha cantidade de 66.000,00 € ,adicándose 20.000,00 a un plan de axudas as familias , 2000,00 euros para a compra de Epis para o persoal de servizos sociais e o resto para financiar a achega municipal ao servizo de axuda no fogar .

**O Concelleiro Alberto Rey Paz ,** solicita que se aclaren o destino dos 20.000,00 €

**O alcalde ,** explica que están financiados 100% pola Deputación é será para axudas as familias


**A Concelleira Amalia Díaz Rodriguez** pregunta se estas axudas hainas que solicitar por parte das familias

**O alcalde** explica que haberá que aprobar unhas bases , convocalas , solicitalas e logo aprobalas .

**5.- Proposta de aprobación do presuposto municipal para o ano 2021 e o cadro de persoal .** Coñecida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2021 que ascende a un total de ingresos e gastos de 1.335,820,00 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:**Primeiro:** Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2021, por unha cantidade, tanto a nivel de ingresos como de gastos de 1.335.820,00 euros que se resume por capítulos nos cadros seguintes

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap	Denominación	Euros	Cap	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	564.689,35	1	Impostos directos	224.000,00
2	Gastos en bens correntes	502.840,00	2	Impostos indirectos	8500,00
3	Gastos financeiros	2000,00	3	Taxas e outros ingresos	158.897,54
4	Transferencias correntes	35.470,00	4	Transferencias correntes	731.501,81





# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

			5	Ingresos patrimoniais	17300,00
6	Investimentos reais	245.820,65	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	5.000,00	7	Transferencias de capital	215.620,65
8	Activos financeiros	0,00		Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0.00 €		Pasivos financeiros	0.00 €
<b>Suma</b>		<b>1,355,820.00</b>	<b>Suma</b>		<b>1,355,820.00</b>

**Segundo:** Aprobar o cadro de persoal do concello para o ano 2021 que figura como anexo deste acordo.:

**Terceiro:** Iniciar o período de exposición ó público por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2021 considerárase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello .


**Cuarto:** Remitirle unha copia dos presupostos a Administración Autónoma e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal.

ANEXO :CADRO DE PERSOAL 2021

## Cadro de persoal 2021

### A.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Situación	Nivel
<b>Funcionario de Administración local con Habilitación de carácter estatal</b>					
Secretaria - Intervención	A1	Secretaria - Intervención		Cuberta	28
<b>Escala de administración xeral:</b>					
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta	22
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Vinculado a promoción Interna	20
Auxiliar administrativo	C2	Administración xeral	Auxiliar administrativa	Cuberta a amortizar	18
<b>Escala de administración especial</b>					
Traballador	A2	Administración	Técnica	Cuberta	26



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

social - coordinador sociocultural		especial			
Arquitecto técnico	A2	Administración especial	Técnica	Vacante xornada parcial 20%	24


### B.- PERSOAL LABORAL

Denominación	Nº prazas	Situación	Observacións
Conductor maquinaria	1		Vacante
Ofical Servizos varios	1	Vinculado a promoción Interna	
Servizos varios	1		Cuberta
Peón	1		Cuberta .A amortizar
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Vacantes	Persoal contratado ao abeiro dun Convenio coa Deputación a Subvención da Xunta de Galicia
Animador - sociocultural	1	Vacante	Persoal contratado cunha subvención da Deputación

**Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobaron a proposta anterior** . Sete votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago , Rocío Martínez Martínez ,Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez e dous abstencións dos concelleiros Alberto Rey Paz e Maria Amalia Díaz Rodríguez

**O concelleiro Alberto Rey Paz** comenta que na memoria da Alcaldía falase que se conxelan as taxas e impostos por un ano mais cando en outubro de 2019 aprobouse unha subida da taxa do lixo , tamén comenta que o ano pasado Cándido enfatizaba que o presuposto se aprobaba en prazo , este ano no pode dicir o mesmo .en relación os investimentos soamente están previstas pavimentación de pistas ,non atopa proxectos ambiciosos e pensa que así Cerdido vaise acabar, fálase de contratación dunha cuadrilla en persoal , pero non se atopa proxectos para fomentar o emprego , engade que cree prioritario apoiar o sector primario , forestal agricultura e gandeira con investimentos e apoio de proxectos que xeren posto de traballo no rural , nestes presupostos non atopa ningún proxecto neste sentido , o sector turístico non é punto forte de Cerdido , cree que non ten sentido gastar diñeiro no turismo sen antes apoiar o sector primario .

**O alcalde** explica que nestes presupostos do ano 2021 non hai prevista subida de impostos nin de taxas , o acordo do ano 2019 era para o ano 2020, tamén se podería falar da subida realizada no ano 2012 , cando gobernaba o partido popular , engade que o presuposto non se presentou antes porque a Deputación aprobou o POS no mes de decembro porque dependía da Lei de presupostos xerais do Estado , noutros anos aproba o POS no mes de novembro , nesta situación están outros concellos da volta ,



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

en relación aos investimentos entende que nestes presuposto hai un proxecto importe de apoio ao sector primario como o centro de transformación de produtos de Moeche , que supón un apoio o sector agrícola e gandeiro , tamén esta incluído neste presuposto o proxecto do Xeoparque que suporá a creación de postos de traballo na comarca asi como o fomento do turismo


**O concelleiro Alberto Rey Paz** pregunta polas axudas a empresas e autónomos e bota en falta un plan de axudas directas que se podía financiar co sobranche do plan do ano anterior e expón que a Xunta vaia sacar un segundo plan de axudas a empresas e autónomos moi áxil ao que se pode engadir o Concello. A Xunta planea flexibilizar os requisitos respecto o plan anterior requirindo unicamente unha reduccion de facturación dun 45 % respecto o ano 2019 e pon a disposición un programa informático que permite tramitar e pagar as axudas en un prazo moi breve, neste primeiro plan as axudas foron pagadas nun mes e medio .

**O alcalde** explica que as axudas aprobadas polo Concello , foron financiadas 80% pola Deputación e un 20% polo Concello , que non seu momento concederense aprobaron sen o seu apoio no pleno . Neste expediente aprobaronse o 100% das solicitudes que cumprían os trámites , soamente se rexeitaron dúas porque non cumprían todos os requisitos .O plan de axudas da Xunta foi rexeitado polas Deputacións e pola FEGAMP , porque non aseguraba que os cartos achegados polos concellos , foron adicados a ese concello en concreto . Asi mesmo , dende o Concello tamén podemos ter acceso as aplicacións da seguridade social e da Axencia Tributaria .

**O concelleiro Candido Prieto Lago** , explica que dentro do primeiro Plan de axudas a empresas da Xunta , non houbo ningunha empresa de Cerdido beneficiada , entende que non eran tan áxiles e que burocraticamente eran difíciles de solicitar , as axudas do PEL da Deputación si foron solicitadas e no dia de hoxe están xa aprobada

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , entende que pasaron case catro meses dende que se aprobaron no pleno ata que se convocaron as axudas polo concello , polo que cree que non foi unha tramitación áxil , a Xunta sacou as axudas en novembro e a dia de hoxe están xa pagadas e engade que no caso que os cartos achegados polo concello ao plan da Xunta non sexan para beneficiar as empresas de Cerdido , tampouco estaría de acordo co Plan da Xunta . En relación a outros gastos que figuran no presuposto , parecen sempre os mesmos , como 1000,00 para alugar carpas ou 3000,00 para inchables ou 8000,00 en propiedade intelectual e pregunta polos gastos adicados a familias e entidades sen fin de lucro cun total de 34,000,00 € e solicita que se lle aclare que vai pasar cos cartos que non se gastan do ano 2020 como en piscina ou cultura

**O alcalde** explica que os gastos tanto para inchables o para alugamento de carpa poden ser aplicados para outras cousas adicadas tanto a cultura como as feiras e que os gastos de 8000,00 euros é para redacción de proxectos de obras en canto aos gastos a familias cédelle a palabra a secretaria -interventora que aclara que son cantidade



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000001

adicadas a subvencións en cada unha das areas de gasto diferente , area 2 , para servizos sociais ( pos social e emerxencia social ) area 3 cultura e deportes ( comisións de festa , subvención a entidades etc ) en relación a outras preguntas parécelle de preescolar , xa que os gastos doutros anos débense incorporar cos expedientes de incorporación de remanentes .

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , expón que el pregunta o que non sabe e invita a que se aclaren estes conceptos por calquera dous outros concelleiros do seu grupo sen que sexan ni o alcalde ni Cándido , o alcalde non lles da a palabra .

**A concelleira Maria Amalia Diaz Rodriguez** , pregunta a que vai dirixidos os 47.000,00 € para fomento de emprego así como que proxectos vai a ver en Cultura

**O alcalde** explica que hai adicados 44.000,00 € para a contratación dunha cuadrilla e 3000,00 para contratar un auxiliar administrativo en relación aos proxectos en cultura e dada a situación actual , hai unha previsión de gastos pero non se sabe si se poderán realizar ou non . O presuposto presentado é un presuposto inicial que pode ser modificado ao longo do ano en funcións da situación e da incorporación de remanentes .

Ás 19:50 horas do día 4 de febreiro de 2021 e xa que non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Cerdido

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro